



Grao en Historia

**Alfredo o Grande: O arquitecto da Inglaterra medieval
e o seu legado**

Autor: Pablo Fouce Fernández

Titora: Mariña Bermúdez Beloso

Departamento de Historia, área de Historia Medieval

Curso académico 2023/2024

Resumo:

Alfredo, alcumado o Grande, naceu arredor do ano 850 e non sería ata o ano 871 que se convertería en rei de Wessex, cargo que conservaría ata a súa morte no 899. Durante o seu mandato tívose que facer fronte ás incursións nórdicas que ameazaban coa conquista dos reinos anglosaxóns. Alfredo logrou frear a este continxente invasor mediante reformas militares e a formulación de acordos cos líderes viquingos. No transcurso do seu goberno tamén se levaron a cabo outros proxectos reformistas como son o político e o cultural; o primeiro ía no senso da compilación dun código legal para a organización da sociedade, o *Domboc*. Pola súa parte as reformas culturais buscaban a educación e formación do pobo inglés mediante o recrutamento de homes cultos que se encargarían da tradución ao inglés dunha serie de obras clave como a *Historia eclesiástica* de Beda. A importancia de Alfredo non radica só nas súas numerosas reformas que promoveu, xa que é unha figura de grande importancia na consolidación do sentimento nacional de Inglaterra, que acabaría por levar a súa unificación. Finalmente, co paso do tempo podemos observar na historiografía como a visión sobre este rei vai variando ao longo dos períodos, sendo o momento de maior apoxeo na época vitoriana mentres que na actualidade a súa figura unicamente foi rescatada polo auxe da temática nórdica nos produtos audiovisuais.

Palabras chave: Reinos anglosaxóns, Wessex, mito, reformas, viquingos.

Resumen:

Alfredo, apodado el Grande, nació alrededor del año 850 y no sería hasta el año 871 que se convertiría en rey de Wessex, cargo que conservaría hasta su muerte en el 899. Durante su mandato se tuvo que hacer frente a las incursiones nórdicas que amenazaban con la conquista de los reinos anglosajones. Alfredo logró frenar a este contingente invasor mediante reformas militares y el planteamiento de acuerdos con los líderes vikingos. En el transcurso de su gobierno también se llevaron a cabo otros proyectos reformistas como son el político y el cultural; el primero iba en el sentido de la compilación de un código legal para la organización de la sociedad, el *Domboc*. Por su parte las reformas culturales buscaban la educación y formación del pueblo inglés

mediante el reclutamiento de hombres cultos que se encargarían de la traducción al inglés de una serie de obras clave como la *Historia eclesiástica* de Beda. La importancia de Alfredo no solo radica en las numerosas reformas que promovió, ya que es una figura de gran importancia en la consolidación del sentimiento nacional de Inglaterra, que acabaría llevando a su unificación. Con el tiempo podemos observar en la historiografía que la visión sobre este rey varía en los períodos, siendo el momento de mayor apogeo en la época victoriana y que actualmente su figura solo se salvó por el auge de la temática nórdica en los audiovisuales.

Palabras clave: Reinos anglosajones, Wessex, mito, reformas, vikingos.

Abstract:

Alfred, nicknamed the Great, was born around 850, and it was not until 871 that he became king of Wessex, a position he retained until his death in 899. During his rule he had to face the Norse incursions that threatened to conquer the Anglo-Saxon kingdoms. Alfred succeeded in stemming this invading contingent through military reforms and by making agreements with the Viking leaders. In the course of his rule, other reformist projects were also carried out, such as the political and cultural reforms; the former involved the compilation of a legal code for the organization of society, the Domboc. The cultural reforms sought to educate and train the English people by recruiting educated men to translate several key works, such as Bede's *Ecclesiastical History*, into English. Alfred's importance lies not only in the numerous reforms he promoted, but also in his role as a figure of great importance in the consolidation of England's national sentiment, which would eventually lead to its unification. Finally, over time, we can observe, in historiography, how the vision about this king varies over the periods, with his moment of greatest apogee being the Victorian period, while nowadays his figure has only been rescued due to the rise of the Nordic theme in audiovisual products.

Palabras clave: Anglo-Saxon kingdoms, Wessex, myth, reforms, Vikings.

Índice

Introdución.....	1
1. Bases do mito	2
2. Contexto	5
2.1. Reinos anglosaxóns.....	5
2.2. Os viquingos	8
3. Alfredo o Grande.....	13
3.1. Antecesores	13
3.2. Biografía	14
3.3. Alfredo e a relación cos nórdicos.....	15
4. Proxecto reformista	19
4.1. Reforma militar.....	20
4.2. Reformas culturais	21
4.3. Reformas políticas	24
5. O legado de Alfredo	26
5.1. Importancia de Alfredo para a unificación	26
5.2. Descendentes.....	28
6. Alfredo como mito	30
Conclusión.....	34
Bibliografía.....	36
Anexos	39

Introdución

A intención deste traballo é afondar na figura de Alfredo o Grande (849-899), unha das persoas máis emblemáticas da historia anglosaxoa. Foi o rei de Wessex dende o ano 871 ata a súa morte e destaca a súa importancia para a consolidación do poder anglosaxón fronte ás incursións nórdicas.

Nesta liña, a finalidade do traballo é mostrar a figura de Alfredo e a súa relación co continxente nórdico que ameazaban con conquistar os reinos anglosaxóns. Elixín esta temática motivado pola crecente popularización que están tendo o tema nórdico en series e películas. Non obstante, a medida que avancei na revisión das fontes bibliográficas decateime de que Alfredo de Wessex era unha figura complexa, a cal merecía ser analizada en profundidade e non só a súa relación cos viquingos. Os obxectivos fóronse modificando co paso do tempo ata chegar á formulación de tres preguntas principais: como logrou facer fronte aos viquingos?, onde radica a importancia deste rei?, como evolucionou o seu legado co paso do tempo?.

Seguindo isto, o traballo comeza cunha explicación sobre as dúas obras contemporáneas ao rei, *Vida do rei Alfredo* e *Crónica Anglosaxoa*. A partir de aquí, os seguintes apartados desenvolveranse dende unha perspectiva histórica, tratándose o seguinte punto dun contexto xeral. Este á súa vez atópase dividido en dous puntos, estando o primeiro deles dedicado á orixe dos reinos anglosaxóns, e o segundo pola súa parte trata sobre os viquingos e as súas primeiras incursións en territorio anglosaxón. O terceiro epígrafe céntrase na figura de Alfredo o Grande; en primeiro lugar realízase unha introdución sobre os seus antecesores no trono de Wessex para despois continuar cunha breve biografía e rematar este punto analizando a relación que mantivo Alfredo co continxente nórdico, pasando por guerras ata tratados. O seguinte capítulo, o máis longo de todo o traballo, analiza o proxecto reformista deste monarca. Este apartado atópase dividido en tres debido ás súas reformas, militar, cultural e político. O quinto inciso móstranos o legado de Alfredo, en primeiro lugar mediante a construción dun mito e despois sobre o gobernos dos seus descendentes, concretamente por tema de espazo e

relevancia só analizarei as figuras de Ethelfleda e Eduardo. O derradeiro punto do traballo é unha revisión historiográfica ao longo dos anos da figura de Alfredo o Grande.

En canto ás obras empregadas hai que mencionar a importancia que teñen as fontes primarias, *Vida do rei Alfredo* e a *Crónica Anglosaxoa*, para a análise da figura de Alfredo o Grande dende unha perspectiva obxectiva. Non obstante, para a realización do traballo tamén se empregaron outros estudos de grandes historiadores como Barbara Yorke. Finalmente, no relativo a cuestións lingüísticas, optei por traducir os nomes de persoa e lugar ao galego cando hai forma propia en galego (como Alfredo no canto de Alfred). Tamén se emprega a forma galega para o título das fontes primarias, escritas orixinalmente en latín (*Historia eclesiástica do pobo inglés/ Historia ecclesiastica gentis Anglorum, Consolidación da filosofía/ Consolatio philosophiae, Historia contra os pagáns/ Historia adversus paganos, Regra pastoral/ Regula pastoralis*).

1. Bases do mito

Para o estudo de Alfredo normalmente pártese de dúas obras contemporáneas ao autor, a *Crónica Anglosaxoa* encargada polo propio Alfredo e a *Vida do rei Alfredo* escrita polo monxe galés Asser.

Na *Crónica Anglosaxoa*, como na maioría das crónicas medievais, moitas das entradas son simples declaracións de feitos sobre acontecementos notables, como nacementos, mortes, ascensos a altos cargos, como o de rei ou arcebispo e movementos de exércitos. Intercálanse relatos máis detallados e coloridos de sucesos importantes ou interesantes. Esta crónica foi unha ferramenta para lexitimar e idealizar o reinado de Alfredo e a súa dinastía, xa que a maioría das entradas céntranse nos logros de Alfredo e o seu ascenso ao poder. A crónica describe con gran detalle a conquista viquinga de Inglaterra, facendo que a vitoria de Alfredo pareza aínda máis heroica. O feito de que a *Crónica* se escribise en lingua vernácula é unha testemuña da aparición dunha identidade inglesa. Ao combinar obxectivos políticos con historiografía, a *Crónica* ten moito en común con un predecesor continental, os *Anais Reais Francos*.¹ Sobre esta crónica

¹Guenther Discenza, Nicole e Szarmach, Paul, *A Companion to Alfred the Great*, Leiden/ Boston, Brill, 2014, p. 347.

fixéronse múltiples copias e distribuíronse aos mosteiros de Inglaterra; destas réplicas sobreviviron nove manuscritos con copia total ou parcial, aínda que non todos teñen o mesmo valor e ningún deles é a versión orixinal.²

A primeira crónica sábese que é a denominada *Crónica de Alfredo*, xa que todas as narracións vernáculas crecen a partir desta. A historia xeral que nos conta este texto cronístico é relativamente pouco comprometida, sen embargo o seu final dá lugar a moitas dúbidas, sobre todo ao redor da súa compilación e suposta difusión. Aínda que este texto se perdeu, podemos dicir que esta compilación cronística é o último antepasado de todas as crónicas en inglés antigo, xa que todas a incorporan, todas seguen o seu formato analítico e o seu uso da lingua inglesa antiga.³

En canto á temática que abarcaría a *Crónica de Alfredo* non comezaría coa chegada dos líderes anglosaxóns e os seus seguidores, senón coa invasión romana do ano 60 a.C. Entre as fontes que empregaba esta crónica destacamos a *Historia eclesiástica do pobo inglés* de Beda. Seguindo os pasos de Beda, a *Crónica de Alfredo* desenvolveuse coa chegada no século V dunha serie de pobos xermánicos, entre os que parece habería tribos anglas, xutas, saxoas..., e especialmente coa historia da súa conversión no VII. Un dos anais máis extensos desta crónica trata sobre a vida e a xenealoxía do pai de Alfredo, Aethelwulf. Finalmente, esta narración culminaba en Alfredo e as súas actividades militares, situándoo como o rei do saxóns occidentais, pero dentro de un contexto anglosaxón ou inglés máis amplo, e cristián.⁴

Pénsase que a *Crónica de Alfredo* está na base da *Crónica Anglosaxoa* (figura 1). A copia máis antiga que se coñece sería o manuscrito A que se corresponde coa copia máis antiga que se conserva da *Crónica*. Foi realizada nos últimos anos do século IX por un escriba de Winchester, o cal escribiría unha xenealoxía do rei Alfredo para logo pasar a copiar unha versión da Crónica. Este escriba inicial copiou ata o ano 891, a partir de entón foi continuado a intervalos ao longo do século X por varios escribas. O manuscrito B foi realizado por un só escriba na segunda metade do século X e contén anais dende o

² Crawford, Jordan, «“Great” The quest to find the man and the myth of King Alfred», *Tenor of Ours Times*, vol.1, 2012, pp. 17-18.

³ Stafford, Pauline, *After Alfred: Anglo-Saxon Chronicles and Chroniclers, 900-1150*, Oxford, 2020, p. 39.

⁴ *Ibidem*, pp. 39-42.

60 a.C ata o 977. Pola súa parte, o manuscrito C foi compilado na metade do século XI probablemente na fronteira de Mercia e Wessex. Esta copia comeza cunha tradución ao inglés da *Historia do mundo* de Orosio, tras o cal se realizou unha copia da *Crónica* por dous escribas ata o fin da entrada de 1048. En canto ao manuscrito D, foi realizado a mediados do século XI posiblemente en Worcester. Nesta copia pódense diferenciar ata 5 autores distintos ata 1054, a partir do cal, a man é similar, pero varía dun ano a outro en tinta e pendente o que suxire que foi escrita a intervalos. O manuscrito E atópase relacionado co incendio do mosteiro de Peterborough en 1116, no que a maioría dos libros se perderon. Nesta situación vemos como o manuscrito foi realizado por unha soa man ata a entrada de 1121 para despois ser completada pola mesma man pero a intervalos ata o 1131. O manuscrito F estaría compilado arredor do 1100 en Canterbury, probablemente por un dos escribas que fixo anotacións no manuscrito A. Finalmente, temos o manuscrito H que contén anais dos anos 1113 e 1114 e posiblemente fose compilado en Winchester.⁵

Tendo en conta o anterior, vemos como a *Crónica Anglosaxoa* foi un proxecto extraordinariamente ambicioso que reflectiu e mellorou a contorna política na que foi concibida. A súa existencia e desenvolvemento como rexistro vernáculo da historia do pobo inglés demostran o éxito dos obxectivos políticos e intelectuais de Alfredo.⁶

A finalización e publicación do “fondo común” da *Crónica Anglosaxona*, no 892, conduciron á composición da *Vida do rei Alfredo* de Asser no 893. Para a redacción desta obra Asser viuse influído polas representacións da realeza no Antigo Testamento e polas convencións familiares da haxiografía; tamén está moi presente que lera a *Vida de Carlomagno* de Einhard e que, en certos aspectos, tomouna como modelo.⁷ Este relato proporcionaba abundante información sobre a vida e o reinado de Alfredo, incluídas numerosas anécdotas que permiten coñecer a mente de Alfredo, así como puntos de controversia para os historiadores que debaten a súa autenticidade. Con todo, o relato de Asser déixanos numerosas incógnitas xa que non abarca toda a vida de Alfredo debido a que o relato termina cara o 887, uns doce anos antes da morte do monarca. Ademais, un incendio no 1371 destruíu a copia orixinal polo que os eruditos deben basearse nunha

⁵ Swanton, Michael, *The anglo-saxon chronicle*, Nueva York, 1998, pp. 21-28.

⁶ Guenther Discenza, Nicole e Szarmach, Paul, *A Companion to Alfred the Great*, p. 367.

⁷ *Ibidem*, p. 35.

copia escrita polo arcebispo Matthew Parker no século XVI, que a maioría non cree que sexa unha copia literal. A pesar de todo isto, gran parte dos expertos recoñecen que, con todos os seus defectos, o libro segue sendo o recurso contemporáneo máis importante para a historia do século IX, e a principal fonte de información sobre o reinado de Alfredo.⁸

Para a elaboración desta obra, Asser construíu un marco cronolóxico cunha serie de anais latinos baseados na Crónica para os anos comprendidos entre 849 e 887, ordenados en cinco bloques. Neste contexto, Asser engadiu seis bloques de material cunha natureza máis persoal ou discursiva, un ao principio, catro en puntos apropiados da secuencia dos anais e un ao final. A pesar de que a obra comeza cun saúdo dirixido ao rei, parece pouco probable que o destinatario fose o propio rei, polo que a obra parece estar composta para os socios do autor en Gales. Asser refírese aos predecesores de Alfredo, con bastante precisión, como reis dos “saxóns occidentais”, mais nos anais onde se lle concede a Alfredo un estilo real aparece mencionado como rei dos “anglosaxóns”. Outra característica sorprendente é o emprego dunha cronoloxía dual, xa que os acontecementos atópanse datados polo seu ano na era cristiá seguido do número correspondente na era “alfrediana”.⁹

2. Contexto

Este segundo punto do traballo está dedicado á explicación do contexto histórico antes da chegada de Alfredo, en primeiro lugar explícase a situación política dos reinos anglosaxóns e a súa evolución. No último apartado deste punto falarase sobre o continxente nórdico, e nel faise unha análise aos motivos dos ataques, obxectivos, etc.

2.1. Reinos anglosaxóns

Para analizar o contexto previo á figura de Alfredo o Grande, a nosa principal fonte de información é a *Historia eclesiástica do pobo inglés*, escrita polo monxe erudito Beda cara o 731.¹⁰ As primeiras entidades políticas anglosaxoas eran a miúdo minúsculas, polo

⁸ Crawford, Jordan, «“Great” The quest to find the man and the myth of King Alfred», p. 17.

⁹ Guenther Discenza, Nicole e Szarmach, Paul, *A Companion to Alfred the Great*, pp. 35-36.

¹⁰ Yorke, Barbara, *Alfred the Great (Pocket Giants)*, Gloucestershire, The History Press, 2015, p. 9.

que podemos deducir dos topónimos, as probas escritas posteriores e a arqueoloxía. A súa existencia suxire que o sur e o leste de Britania perderon calquera cohesión política nos séculos V e VI e fragmentáronse en moitas pequenas unidades autónomas, aínda que a organización administrativa romana tardía do campo pode axudar a ditar os seus límites. A finais do século VI os líderes destas comunidades autoproclamábanse reis, aínda que non debe supoñerse que todos eles fosen de orixe xermánica. Nesta época tamén había algúns reinos máis grandes e a maioría deles atopábanse nas costas sur ou leste. Varios destes reinos poden ter como foco inicial un territorio baseado nunha antiga *civitas romana* e isto argumentouse como particularmente probable para as provincias de Kent, Lindsey, Deira e Bernicia, cuxos nomes derivan todos de nomes tribais ou de distritos romanos británicos. As costas do sur e leste eran as áreas colonizadas primeiro e en maior número polos colonos xermánicos, e así presumiblemente foron os primeiros en pasar do control romano-británico ao anglosaxón. Unha vez establecidos, tiñan as vantaxes dunha fácil comunicación con outros territorios xermánicos de Europa a través do Mar do Norte ou a Canle da Mancha.¹¹

Cando apareceron os misioneiros de Roma, Francia e Irlanda a principios do século VII aínda quedaban doce tribos principais: bernicianos, deiranos, lindesfarona, anglos orientais, anglos medios, mercianos, hwice, magonsaete, gewisse, saxóns meridionais, cantware e saxóns occidentais. Estas tribos convertéronse progresivamente en reinos, se ben a súa entidade auténtica era difusa e o poder que ostentaban os seus reinos resultaba, canto menos, relativo. Non obstante, Beda relaciona sete entidades que entre o 600 e 700, tiveron un certo poder sobre toda Britania; estas sete son Northumbria, Kent, East Anglia, Mercia, Sussex, Essex e Wessex (figura 2).¹²

A pesar disto, os reis dos anglosaxóns do século VII aínda non se parecían aos seus veciños continentais que, aínda sendo persoalmente ricos, como demostran as tumbas reais, tiñan recursos limitados e poderes de gobernos moi simples, baseados en asembleas. Con todo, aos poucos foron asumindo outras responsabilidades. Algúns deles lexislaron, con códigos xurídicos parecidos aos do continente. A finais de século, estableceron

¹¹ Yorke, Barbara, *Kings and Kingdoms of Early Anglo-Saxon England*, Londres, Routledge, 2003, pp. 12-13.

¹² *Ibidem*, p. 12.

conexións comerciais con Francia a través dun conxunto de portos. No século VIII, unha serie de poderosos reis de Mercia, Ethelbaldo (716-757), Offa (757-796) e Cenwulf (796-821), tiñan estreitos vínculos cos primeiros carolinxios. Offa non só tiña a hexemonía sobre o sur de Inglaterra, senón que tamén absorbeu a maior parte dos reinos da heptarquía anglosaxoa na propia Mercia. Á súa morte só quedaban catro reinos, a propia Mercia, Northumbria, un agora mais grande Wessex e Anglia Oriental.¹³

Xa no ano 800 Inglaterra era moito mais parecida a Francia do que fora no 600, ou incluso no 700, o que se debe, en parte aos préstamos collidos da propia Francia e á falta dunha cultura propia. Isto á súa vez foi apoiado polo cambio socioeconómico que probablemente comezou baixo a hexemonía merciana e avanzou no século IX: o lento desenvolvemento da propiedade privada, por reis e aristócratas, a partir dos grandes territorios tributarios do pasado. Foi máis ou menos completo a mediados do século X, cando transformou a contorna económica inglesa; a partir de aquí, as estruturas aldeás cristalizaron na metade do país, a autonomía campesiña terminou practicamente en todas partes, e os reis, que se fixeron coas maiores propiedades de terras, volvéronse aínda máis dominantes que antes.¹⁴

A supremacía de Mercia no leste e sueste mantívose tras a morte de Offa durante gran parte do século IX, mais rompeuse no 825 coa batalla de Ellendun, onde Egberto, rei de Wessex (802-839) derrotou a Beornwulf, rei de Mercia (823-825), e como consecuencia directa todos os pobos de Kent, Surrey, Sussex, Essex e Anglia Oriental sometéronse ao rei Egberto. No ano 829 Egberto conquistou o reino de Mercia e todo ao sur do río Humber, e tamén conseguiu someter aos habitantes de Northumbria. Malia isto, Wiglaf rei de Mercia, recuperou o seu reino no ano 830, pero non se sabe con certeza se o fixo pola forza ou co consentimento de Egberto. Con todo, hai varios indicios de que as relacións entre Mercia e Wessex prosperaron durante as décadas seguintes e, de feito, de que os dous reinos chegaron a un acordo en beneficio mutuo que podería cualificarse de alianza. Este entendemento parece reflectirse na cuñaxe de Ethelwulfo, rei de Wessex (839-58), e de Berhtwulf, rei de Mercia (840-52), xa que durante o ano 840 os reis

¹³ Wickham Chris, *Medieval Europe*, New Haven/Londres, Yale University Press, 2016, p. 87.

¹⁴ *Idem*.

emitiron moedas de tipo similar e mesmo empregaron aos mesmos acuñadores. A existencia dunha alianza suxírese ademais polo relato das crónicas de como Burgred, rei de Mercia (852-74), buscou e obtivo a axuda de Ethelwulfo para someter aos galeses en 853, e polo feito de que no mesmo ano Ethelwulfo deu a Burgred a súa filla en matrimonio. Así pois, a alianza entre Mercia e Wessex orixinouse no segundo cuarto do século IX.¹⁵

Pese ás alianzas entre Mercia e Wessex vemos como a situación muda, xa que Mercia non é un reino tan poderoso como en vida de Offa. De feito, o reino de Mercia nas décadas de 870 e 880, tal e como se recolle nas crónicas, era en gran medida un actor secundario nas xestas dos ingleses, xa que os seus gobernantes estaban firmemente sometidos ao señorío saxón occidental.¹⁶ Por outro lado, as primeiras incursións viquingas intensifícanse, ata chegar aos diferentes ataques do Gran Exército Viquingo que sementarían o pánico, e como veremos nos posteriores apartados desembocarían no reinado de Alfredo o Grande.

Por iso, estes primeiros reinos anglosaxóns foron probablemente, no mellor dos casos, “protoestados” máis que estados. Nos séculos VII e VIII, os gobernantes incorporaron soportes prácticos e teóricos da gobernación e a condición de estado procedentes do pasado romano e dos reinos contemporáneos das Illas Británicas e do outro lado da Canle da Mancha. As experiencias comúns de señorío e a frecuente interacción entre cortes deron lugar a lazos similares na cultura cortesá e os puntais do poder real.¹⁷

2.2. Os viquingos

O termo “viquingo” provén de vikingar, e significa os da baía, o que fai referencia á preferencia dos asaltantes polas costas recollidas e de fácil acceso. Esta palabra agrupa

¹⁵ Asser, *Alfred the Great: Asser's life of King Alfred and other Contemporary Sources*, ed. de Keynes, Simon e Lapidge, Michael, Suffolk, Penguin Books, 1983, pp. 11-12.

¹⁶ Insley, Charles, «Collapse, Reconfiguration or Renegotiation? The Strange End of the Mercian Kingdom, 850-924», *Reti Medievali Rivista*, vol.17, nº2, 2016, pp. 233.

¹⁷ Yorke, Barbara, «The Anglo-Saxon Kingdoms 600-900 and the Beginnings of the Old English State», en Pohl, Walter e Wieser, Veronika, *Der frühmittelalterliche Staat- europäische Perspektiven*, Viena, ÖAW, 2009, p. 88.

a diversos pobos escandinavos que arrasaron as costas europeas desde o século VII ao XI. Os viquingos que invadiron as costas inglesas, o leste, son de orixe danesa, mentres que os noruegueses invadiron Irlanda desde as illas de Órcadas e Shetland, ao norte de Escocia. A *Crónica anglosaxoa*, os Anais, denomínaos “pagáns” e tamén “a hoste” ou “os do norte”.¹⁸

Ante a presenza nórdica na Inglaterra actual preguntámonos por que os viquingos abandonaron a súa Escandinavia actual. Os monxes que compuxeron a *Crónica Anglosaxoa* asociaron a chegada dos viquingos ás tribulacións anunciadas de modo providencial pola aparición no firmamento dun cometa de larga cola. A finais do século IX, o rei Alfredo de Wessex tamén describiu as invasións viquingas coma se se tratase dun castigo divino imposto nun tempo “no que ningún de nós amaba a sabedoría nin a permitiamos a outros homes; detentábamos só o nome de cristiáns, mentres que moi poucos posuíamos as virtudes”.¹⁹

Entre os factores que poden explicar a expansión viquinga atopamos frecuentemente citada unha posible explosión demográfica en Escandinavia como causa que puido desembocar nunha carestía de terras e a consecuente necesidade de expansión. Aínda así, os arqueólogos só puideron confirmar un superpoboamento en Noruega, e cabe resaltar que as primeiras xentes en abandonar Escandinavia mostráronse máis preocupadas por saquear, comerciar e acumular riquezas que por colonizar novas terras. Algúns estudos tamén barallaron as razóns climáticas, debido a que a etapa que vai de finais do século VIII a comezos do XI parece que correspondeu cunha fase cálida e seca para o norte e occidente de Europa, que culminou nun óptimo climático entre 1050-1250 mentres que só entre 860-940 hai evidencia dalgúns períodos máis xélidos en Escandinavia. Non cabe dúbida que este intervalo temporal coincide cunha fase crucial na expansión nórdica, mais a maioría de académicos non cren que isto se poida relacionar. Por outra banda, a historiografía considerou que os factores económicos xogaron un papel importante na activación das incursións escandinavas. O século VIII viu incrementado o

¹⁸ Martínez-Dueñas Espejo, José Luis, «Los vikingos en la Inglaterra anglosajona», *Estudios sobre patrimonio, cultura y ciencias medievales*, nº16, 2014, pp.191.

¹⁹ Curto Adrados, Iván, «Las invasiones vikingas de Inglaterra: una perspectiva historiográfica», *Ab Inito: Revista digital para estudiantes de Historia*, nº10, 2014, p. 33. / A tradución da cita ao galego é propia.

comercio en torno ao Báltico e ao Mar do Norte, o que levou ao desenvolvemento e proliferación de centros comerciais nórdicos.²⁰

En xuño do ano 793, un grupo de barcos noruegueses desembarcou na costa occidental de Northumbria, preto do mosteiro de Lindisfarne. Esta visita aos monxes non lles resultaría estraña xa que posiblemente creron que eran comerciantes escandinavos que buscaban intercambiar produtos, como se demostrou que fixeran noutras ocasións. Pero esta vez os monxes estaban moi equivocados xa que os escandinavos mataron a algúns deles e saquearon o mosteiro, para regresar aos seus fogares co botín. Durante moito tempo foi o primeiro ataque viquingo rexistrado, e é considerado por moitos o punto de partida da época viquinga. Con todo, temos constancia de que no 786, un tal Beaduheard, xuíz local en Portland do rei de Wessex, Aethelweard, recibiu a noticia de que chegaran tres barcos á costa. Beaduheard cabalgou cara ao porto para enviar aos recentemente chegados ao palacio real, pensando que eran mercadores. A pesar disto, el e os seus compañeiros foron asasinados polos forasteiros, que resultaron ser os primeiros saqueadores viquingos que chegaron ao reino de Wessex. Rexistráronse outros ataques na costa de Wessex durante o reinado de Beohtric (786-802).²¹ No ano 792 o rei Offa mellorou as defensas da zona de Kent ante incursións pagás, o que nos permite supoñer ataques procedentes. Nas cartas de privilexios de principios do século IX obsérvase unha tendencia a recalcar a obrigación de construír defensas ante a ameaza pagá, e mesmo en dúas delas menciónase o deber de destruír fortalezas pagás, o cal nos fai pensar que os viquingos poderían ter xa a principios de século bases desde as que lanzaban incursións, como terán máis tarde.²²

No ano 838, un exército viquingo uniuse a unha forza córnica para loitar contra os saxóns occidentais. O trasfondo deste suceso é a política expansionista de Egberto, en gran medida a expensas do reino de Mercia, pero tamén cara o oeste contra os gobernantes destes reinos. É xusto supoñer que os líderes dos britanos tomaron a iniciativa e

²⁰ *Ibidem*, pp. 33-34.

²¹ Lavelle, Ryan e Roffey, Simon, *Danes in Wessex: the Scandinavian impact on Southern England, c. 800-c. 1100*, Oxford, Oxford Books, 2016, pp. 56-57.

²² Domínguez González, Carlos, *La Inglaterra anglosajona: una síntesis histórica (siglos V-XI)*, Madrid, La Ergástula, 2015, pp. 98-99.

establecieron contacto cos escandinavos. Enfrontábanse a un inimigo poderoso e unha banda de guerra viquinga, a pesar das súas crenzas pagás, debía de parecer a forza mercenaria máis capaz de ofrecer resistencia aos saxóns occidentais. Non sabemos como se comunicaron os cónicos con eles e só podemos especular sobre as recompensas que prometeron aos aliados pola súa axuda. Os líderes viquingos non tardaron en aproveitarse dos conflitos internos e convertelos no seu propio beneficio.²³

Aos escandinavos levoulles uns trinta anos afectar seriamente á orde establecida en Gran Bretaña e o continente. Nun principio os ataques só buscaban o saqueo, sen importarlles o lugar que fose. A defensa ante tal inimigo era practicamente imposible xa que as levas locais non podían facerlles fronte, e a carencia de fortificacións agravaban as incursións. Outras incursións sucedéronse ata que nos anos 850 e 854 senllos exércitos daneses invernarón en Inglaterra, primeiro en Thanet e logo en Sheppey. A principal área afectada foi Kent, aínda que tamén sufriron Anglia Oriental, Lindsey e parte de Mercia. A pesar de que os datos sobre Northumbria son poucos fiables, parece ser que alí o recente rei Raedwulf caeu en batalla contra un exército pagán. Cara ao ano 850, os daneses comezaron a pasar o inverno na propia Inglaterra, en lugar de Frisia, onde ata entón invernarán.²⁴

No 865 a natureza dos ataques daneses cambiou. Os ata entón esporádicos e erráticos ataques deixaron paso no outono de 865 a unha nova ameaza, moito máis organizada e numerosa, “un gran exército pagán”, que estivera saqueando o continente, o cal desembarcou nas costas do reino de Anglia Oriental, disposto a aproveitar ao máximo todas as oportunidades de pillaxe que ofrecía aquel país. Nesta forza atopábanse numerosos reis daneses de gran renome, dirixidos polos dous fillos de Ragnar Lothbrok²⁵, Ivarr “o Deshuesado” e Halfdan. A extraordinaria unidade coa que se comportou o seu heteroxéneo exército reflicte a súa capacidade de mando e o poder do seu renome. Os

²³ Lavelle, Ryan e Roffey, Simon, *Dannes in Wessex: the Scandinavian impact on Southern England, c. 800-c. 1100*, p. 58.

²⁴ Domínguez González, Carlos, *La Inglaterra anglosajona: una síntesis histórica (siglos V-XI)*, p. 100.

²⁵ Personaxe histórico do que non temos gran información quitando algunha mención nas sagas; con todo, a súa figura adquiriu unha gran importancia debido ao impulso que adquiriu o mundo nórdico no audiovisual (Robles Delgado, Alberto, «Un rey para el olvido: La figura de Alfredo el Grande a través de la pantalla», *Medievalismo: revista de la Sociedad Española de Estudios Medievales*, nº31, 2021, p. 399.)

ataques deste poderoso exército adoitaban comezar ocupando unha posición facilmente defendible, que era fortificada, pasando logo ao saqueo da área circundante ata que se esgotaran os recursos ou na procura dun trato favorable. No caso de ser atacados, estes formaban un denso muro de escudos onde resistían o primeiro envite inimigo, isto débese en gran medida ás súas crenzas xa que na relixión escandinava tradicional a morte na batalla era a morte máis digna, a que permitía acceder ao “Valhalla”.²⁶

Este exército dirixido polos fillos de Ragnar, cos cabalos que obtiveron dos primeiros saqueos en Anglia Oriental, converteuse nunha forza máis móbil, o que facía que se puidesen mover lonxe dos cursos de auga. Con estes cabalos marcharon cara York no outono seguinte, tomando a cidade. A resposta ante esta invasión tardou en chegar xa que Northumbria non podía atoparse nun peor momento, debido á guerra civil entre o rei Osberht e Aella. Ante este continxente nórdico ambos reis uniron os seus exércitos e aínda que puideron penetrar as murallas da cidade de York, non puideron aseguralas, converténdose nunha masacre saxoa.²⁷

Tras o asasinato do rei Edmundo e a conquista do reino de Anglia Oriental en 869, os nórdicos lanzáronse ao ataque de Wessex, e tras unha guerra de movemento en torno a Reading, foron derrotados por Aethelred e o seu irmán Alfredo na batalla de Ashdown en 870. O seguintes combates e escaramuzas foron inconcluíntes, e en abril de 871 o rei Aethelred morreu.²⁸ Isto, sumado á chegada dun novo continxente de escandinavos nesas datas, fixo que moitos pensaran que Wessex caería antes de que rematase o ano. Por tanto, vemos como durante a vida dos fillos de Ethelwulfo, estes invasores conquistaron dous reinos ingleses e desmembraron un terceiro. O principal mérito de que non fixesen o mesmo en Wessex pertence sen dúbida a Alfredo como analizaremos posteriormente.²⁹

²⁶ Domínguez González, Carlos, *La Inglaterra anglosajona: una síntesis histórica (siglos V-XI)*, pp. 103-104. / O Valhala era o salón ultraterreno onde Odín recibía aos guerreiros. (Domínguez González, Carlos, *La Inglaterra anglosajona: una síntesis histórica (siglos V-XI)*, p. 103).

²⁷ *Ibidem*, pp. 104-105.

²⁸ *Ibidem*, p. 106.

²⁹ Sawyer, Peter, *From Roman Britain to Norman England*, Londres, Routledge, 1998, p. 122.

3. Alfredo o Grande

3.1. Antecedentes

Antes de comezar a falar do propio reinado de Alfredo, é preciso botar a vista atrás para entender a realidade á que tivo que facer fronte, para o que retrocedemos ata o seu avó, Egberto.³⁰ Este rei soubo aproveitar o declive de poder do reino de Mercia, ata entón dominante no centro do territorio, para facerse co control das súas terras no suroeste de Kent, Sussex e Essex. Dende a época de Egberto, Wessex comprendía toda Inglaterra ao sur do Tamesis máis Essex. Wantage, onde naceu Alfredo, atopábase preto da fronteira norte de Wessex e acababa de ser arrebatada a Mercia.³¹

A Egberto de Wessex sucedeu o seu fillo Ethelwulfo, sendo a primeira vez que un fillo sucedía ao seu pai no trono de Wessex desde o século VII. Esta ruptura das tradicións débese ao éxito de Egberto, que ademais de nomear ao seu herdeiro rei de Kent nalgún momento antes de 838, eliminara a todos os seus rivais políticos. Á súa vez, Ethelwulfo deixou Kent ao seu primoxénito, Aethelstan, o cal estivo á altura das circunstancias ao continuar a expansión que iniciara o seu pai coa toma de Berkshire, nalgún momento antes do 849.³²

O éxito da familia de Egberto en conservar a realeza non asegurou que o seu reino permanecese unido. Kent foi tratado nalgúns aspectos como un reino separado ata ao redor de 851, e tamén houbo disputas familiares moi perturbadoras. En 855, mentres Ethelwulfo visitaba Roma, unha revolta que estalou en Somerset colocou ao seu fillo Ethelbaldo no trono de Sajonia Occidental. Cando Ethelwulfo regresou en 856, tivo que conformarse co reino de Kent, que gobernara en vida do seu pai. Descoñécese a causa desta oposición a Ethelwulfo.³³

Nos anos que seguiron á morte de Ethelwulfo en 858, os seus catro fillos sobreviventes (Ethelbaldo, Ethelberto, Ethelredo e Alfredo; ver figura 3) debateron moito sobre os seus respectivos dereitos e expectativas. A discusión foise complicando a medida

³⁰ Rei de Wessex dende o 802 ata o 839 (Domínguez González, Carlos, *La Inglaterra anglosajona: una síntesis histórica (siglos V-XI)*, p. 101.)

³¹ Yorke, Barbara, *Alfred the Great (Pocket Giants)*, p. 12.

³² Domínguez González, Carlos, *La Inglaterra anglosajona: una síntesis histórica (siglos V-XI)*, p. 101.

³³ Sawyer, Peter, *From Roman Britain to Norman England*, p. 122.

que morrían os protagonistas e había que ter en conta aos fillos. Ao comezo, o reino bipartito de Ethelwulfo dividiuse entre os seus fillos Ethelbaldo, no oeste, e Ethelberto, no leste; pero á morte de Ethelbaldo, en 860, as disposicións modificáronse de tal maneira que Ethelberto sucedeu a un reino bipartito agora completo. Tras a morte de Ethelberhto, en 865, producíronse novas modificacións: Etelredo converteuse en rei de todo o reino, pero Alfredo ao parecer foi recoñecido como o seu posible sucesor. O matrimonio "merciano" de Alfredo en 868 debeu de ter, por tanto, as súas propias dimensións significativas, aínda que non se soubese onde podían conducir. Ethelredo morreu en 871, o que provocou novos axustes e garantías que parecen reforzar a posición de Alfredo en tempos perigosos, asegurando as perspectivas dos seus propios fillos³⁴.

3.2. Biografía

Alfredo naceu nunha propiedade rural en Wantage, Oxfordshire. Asser menciona o ano 849, pero a *Crónica anglosaxoa* suxire que foi en 847 ou en 848. Alfredo era o menor dos seis fillos, cinco homes e unha muller, do rei Ethelwulfo (839-58) e a súa esposa Osburh, unha nobre saxoa occidental. Sobre a súa infancia sabemos que aos 5 anos xa perdera á súa nai e tivera unha madrasta, así como que estivera dúas veces en Roma e presenciara un golpe de estado dun irmán contra o seu pai. Tal vez Ethelwulfo esperaba peregrinar el mesmo, pero no seu lugar enviou a Alfredo como representante da familia, mentres el se defendía dos ataques viquingos na casa. Cando Ethelwulfo conseguiu finalmente facer a viaxe ao centro da cristiandade occidental un par de anos máis tarde, levou consigo a Alfredo. Ao seu regreso, en 856, detivéronse durante varios meses na corte de Carlos o Calvo, neto do emperador Carlomagno e poderoso gobernante da Francia occidental.³⁵

A xulgar polo relato de Asser, Alfredo fora afeccionado á lectura dende moi novo. De neno, a mediados da década de 850, gañara un libro de poesía inglesa da súa nai, en competición cos seus irmáns maiores; aínda que non sería ata os 12 anos cando empezou a aprender a ler inglés por si, e non foi ata algún tempo despois, representado como o día de San Martín de 887, cando aprendeu a ler latín. Pouco se sabe do desenvolvemento

³⁴ Guenther Discenza, Nicole e Szarmach, Paul, *A Companion to Alfred the Great*, p. 19.

³⁵ Yorke, Barbara, *Alfred the Great*, p. 12.

intelectual de Alfredo nas décadas de 860 e 870, máis aló das observacións de Asser sobre a súa sede de coñecemento e a falta de mestres. Con todo, sabemos que Alfredo levaba consigo constantemente un “pequeno libro” (*libellus*), no que se copiaban algúns oficios, salmos e oracións aprendidos na súa infancia.³⁶

Durante a súa nenez púxose énfase sobre o desenvolvemento das súas habilidades como guerreiro. Asser dinos que a caza foi unha das actividades nas que destacou o mozo Alfredo como parte do seu adestramento para as realidades da guerra. Asser só nos ofrece un dato sobre a adolescencia de Alfredo, e refírese a unhas misteriosas enfermidades que aparecen nel. Para maior vergoña, o primeiro ataque produciuse no medio das celebracións da súa voda con Ealhswith, unha nobre merciana ben relacionada. Ao parecer, os médicos da época non sabían exactamente a que se debía o problema, como tampouco o sabemos nós, a pesar de que a historia suxire o diagnóstico da enfermidade de Crohn, pero sen dúbida sería un mal demasiado grave como para que Alfredo o soportase en ausencia da medicina moderna. Esta enfermidade non impediu ter descendencia, en concreto cinco fillos, dous homes e tres mulleres.³⁷

Finalmente sabemos que Alfredo morreu o 26 de outubro de 899 e foi enterrado na Old Minster, a igrexa catedral de Winchester, o principal bispado saxón occidental e lugar de enterramento de varios reis saxóns occidentais, entre eles o seu pai e o seu avó.³⁸

3.3. Alfredo e a relación cos nórdicos

O primeiro rexistro de Alfredo loitando contra os viquingos prodúcese despois da ascensión de Ethelredo en 865, cando xa entrara na adolescencia. En 866 produciuse un novo e inquietante acontecemento cando o que se coñeceu como o “Gran Exército” chegou a Anglia Oriental, ao parecer coa intención de quedar en Inglaterra e apoderarse dos reinos anglosaxóns (figura 4) . En 867 capturou gran parte de Northumbria e matou aos seus reis. En 868, unha forza militar combinada de mercios e saxóns occidentais foi o suficientemente formidable como para persuadir ao Gran Exército de chegar a un acordo en Nottingham en lugar de loitar, pero entón os viquingos derrotaron e mataron o rei

³⁶ Guenther Discenza, Nicole e Szarmach, Paul, *A Companion to Alfred the Great*, p. 27.

³⁷ Yorke, Barbara, *Alfred the Great*, pp. 14-15.

³⁸ *Ibidem*, pp. 49-50.

Edmundo dos Anglios Orientais. En 871 dirixiron a súa atención a Wessex. Nun só ano libráronse nove grandes batallas en Wessex e moitos enfrontamentos menores. Os dous bandos estaban evidentemente igualados e ningún foi capaz de gañar un encontro concluínte, aínda que Ethelredo e Alfredo obtiveron unha importante vitoria en Ashdown.³⁹

Un mes despois da morte de Ethelredo, Alfredo tivo que enfrontarse aos viquingos cun exército reducido, o que pode suxerir que non todo o mundo o apoiaba plenamente; é posible que algúns simpatizasen coa sucesión dos seus novos sobriños, os fillos de Ethelredo. Alfredo non conseguiu unha vitoria decisiva e a *Crónica* recolle que fixo as paces cos viquingos, o que probablemente significa que lles pagou unha gran suma para que se marchasen. En 874, os viquingos dirixíronse a Mercia e expulsaron ao seu rei, Burgred, cuñado de Alfredo. Isto converteu a Alfredo no único rei anglosaxón que seguía gobernando en Inglaterra. Dous anos despois, un exército viquingo liderado por Guthrum e dous aliados invadiu Wessex. Alfredo non puido evitar que ocupasen Wareham no corazón do seu reino. O ano seguinte podería ser fatal para a causa de Alfredo: unha frota de reforzos viquingos partiu para unirse aos seus camaradas en Exeter. Pero unha tormenta repentina interveu, danando ou destruindo 120 barcos viquingos amarrados preto de Swanage. Despois disto, o equilibrio de poder inclinouse decisivamente a favor dos saxóns occidentais durante un breve período de tempo.⁴⁰ A implicación é que Alfredo non estaba preparado para atacar as defensas de Exeter, senón que prefería manter as súas forzas e negociar. A vantaxe, con todo, tñíana os saxóns occidentais, xa que o seu exército podía aprovisionarse facilmente mentres que os intrusos se atopaban en terra hostil coas subministracións que fosen capaces de reunir antes de que chegase o exército de Alfredo. Unha vez máis, comezaron as negociacións para alcanzar unha solución. Os viquingos entregaron a Alfredo reféns como garantía e xuraron manter a paz.⁴¹

O exército de Guthrum asentouse durante o inverno de 877-878 en Gloucester, unha cidade romana amurallada. O emprazamento deulles a oportunidade de reorganizar o

³⁹ *Ibidem*, p. 29.

⁴⁰ *Ibidem*, pp. 22-23.

⁴¹ Lavelle, Ryan e Roffey, Simon, *Dannes in Wessex: the Scandinavian impact on Southern England, c. 800-c. 1100*, p. 61.

reino de Mercia ao seu gusto, vixiar os acontecementos en Wessex e alimentar ás súas tropas. A perseveranza e a determinación que Alfredo mostrara ao perseguir á forza viquinga fixeran que finalmente se marcharan, pero, en vista dos acontecementos futuros, os líderes viquingos non abandonaran o seu obxectivo de conquistar o último reino inglés independente. En pleno inverno, o exército viquingo dirixiuse a Chippenham, Wiltshire, sinalada por Asser como unha propiedade real. Parece probable que Alfredo e a súa familia estivesen a pasar o Nadal en Chippenham e se visen obrigados a fuxir, xa que Alfredo aparece a continuación na mesma entrada da *Crónica* "cunha pequena tropa, viaxando con dificultade a través de bosques e en zonas pantanosas".⁴² Nin Asser nin a *Crónica* din moito sobre este período, pero as fontes posteriores compénsano definíndoo como a fase máis dramática de todo o seu reinado e o período en torno ao cal viraron as lendas posteriores: a queima do pastel, a visita de San Cuthbert, a misión secreta ao campamento inimigo disfrazado de xogar.⁴³

A pesar disto Alfredo puido reunir forzas suficientes para reagruparse e enfrontarse a Guthrum nunha batalla campal en Edington no 878. O resultado da contenda saldouse a favor do gobernante de Wessex. Unha das consecuencias foi a imposición aos poucos do cristianismo no Danelaw. Segundo o biógrafo de Alfredo, Asser, os daneses fuxiron a unha fortificación tras a batalla, onde foron asediados durante dúas semanas, soportando moitas penurias, ata que se renderon a Alfredo. O tratado de paz foi moi vantaxoso para Alfredo. Non se pode confiar nos tratados escritos como documentos neutrais porque están redactados desde a perspectiva anglosaxoa. Con todo, desde a perspectiva do equilibrio de poder, é importante sinalar que Guthrum non foi derrotado por completo xa que conservou as súas terras, e por tanto, a capacidade de reunir máis tropas.⁴⁴

Cando se celebrou a primeira conferencia de paz tras a batalla de Edington, os daneses enviaron reféns aos anglosaxóns para garantir a paz. Asser afirma que os pagáns xuraron abandonar o reino de Alfredo, o que implica que os xuramentos se realizaban dentro dun marco ritual. Guthrum, con todo, xurou deixarse bautizar. Sete semanas máis

⁴² *Idem.*

⁴³ Yorke, Barbara, *Alfred the Great*, p. 23.

⁴⁴ Olsson, Stefan, «Peace Agreements Through Rituals in Areas of Confrontation in the Viking Age», *Tenemos- Nordic Journal of Comparative Religion*, vol.53, nº2, 2017, p. 270.

tarde, Guthrum chegou cun séquito de trinta homes para unha segunda conferencia de paz na leira real de Wedmore. Guthrum foi bautizado e Alfredo converteuse no seu padriño. Este ritual probablemente deu a impresión de que Guthrum se someteu formalmente a Alfredo, e podería entenderse en consonancia coa ideoloxía dun gobernante cristián que non tiña rival, senón que confiaba na súa propia autoridade. A pesar disto, Alfredo tamén tivo que renunciar a algo para asegurar este acordo. Segundo Asser, Alfredo regalou “moitas casas bonitas”, probablemente leiras, a Guthrum. Por tanto, é posible que Guthrum vise a Alfredo como un aliado. Anglia Oriental non era un reino unificado, senón máis ben varios territorios separados baixo condes e caciques, e as sucesivas guerras debilitaron a Guthrum.⁴⁵

Cando Alfredo e Guthrum asinaron un tratado en Wedmore, quedou constituída a fronteira entre Wessex e o Danelaw. Varios anos máis tarde, entre 886 e 890, Alfredo e Guthrum asinaron un novo tratado, o *Tratado de Alfredo e Guthrum*, que se conserva en dous manuscritos nun corpo legislativo de finais do século XI. A linguaxe do tratado e os estilos dos dous reis e do *witan* parecen auténticos, e non hai nada anacrónico en ningunha das cláusulas do tratado. Por tanto, é necesario aceptar a súa evidencia e concluír que a fronteira que establecía en 896/90 desintegrárase no 911.⁴⁶

O tratado establecía: (1) os límites da terra afirmados a través das correntes de auga polo Támesis e algúns afluentes; (2) que se un home era asasinado, xa fose inglés ou danés, debería haber unha multa de oito medios marcos; (3) que se un dos *thanes* do rei era acusado de asasinato, debía prestar xuramento en presenza de doce dos *thanes*, e un home de grao inferior en presenza de once homes, pero se se negaba debía pagar o triplo. Tamén abarcaba algunhas cuestións comerciais, incluídos algúns rituais: (4) un fiador ben coñecido debía garantir a adquisición de escravos, cabalos e bois; (5) no xuramento ordenábase que nin os escravos nin os homes libres debían ir á outra parte para comerciar con gando e mercadorías sen que se desen reféns para mostrar boa vontade.⁴⁷

⁴⁵ *Ibidem*, pp. 270-272.

⁴⁶ Carless Davis, Ralph Henry, «Alfred and Guthrum's Frontier», *The English Historical Review*, vol.97, nº 385, 1982, p. 804.

⁴⁷ Olsson, Stefan, «Peace Agreements Through Rituals in Areas of Confrontation in the Viking Age», p. 273.

Aquí é onde empeza unha nova consideración da fronteira inglesa, dentro de Inglaterra baixo o dominio danés; coa conversión ao cristianismo dos adaíles daneses hai un cambio profundo na administración territorial.⁴⁸ Con todo, nos Anais séguense relatando os encontros entre ingleses e daneses durante todo o reinado de Alfredo como a famosa campaña de 886 que culminou coa conquista de Londres. Esta cidade, que ata ao momento non tivera importancia estratéxica, convertíase nun centro “nacional” de resistencia fronte aos invasores daneses. Coa conquista de Londres probouse que os recentes desastres podían revertirse, e Alfredo foi visto como un líder por todos aqueles anglosaxóns que desexaban a expulsión dos daneses. O rei contaba coa simpatía da inmensa maioría de anglosaxóns, pois representaba os intereses de todos eles. Alfredo tentaba respectar as tradicións doutros reinos por iso non incorporou Londres a Wessex, manténdoa como “cidade de Mercia”, aínda que remarcando o seu control mediante a cuñaxe de moedas.⁴⁹

Como podemos observar, estes ataques viquingos foron unha “guerra alongada” xa que non contou con ningún momento claramente decisivo. A pesares da duración da guerra, os anglosaxóns non sufriron ningunha derrota importante, e a continuidade non se viu ameazada, como ocorrera anteriormente no 878. Polo tanto, o novo panorama político quedou configurado tras esta guerra, co poder hexemónico no sur de Inglaterra no reino de Wessex.⁵⁰

4. Proxecto reformista

Durante os anos 874-892 iniciáronse os programas de reforma militar, cultural e civil, polo que neste apartado analizarase de maneira individual as medidas que fixeron que Alfredo gozase dunha gran reputación.

⁴⁸ Martínez-Dueñas Espejo, José Luis, «Los vikingos en la Inglaterra anglosajona» en Espinar Moreno, Manuel e Robles Delgado, Alberto, *Los vikingos en la historia: I*, Granada, Universidad de Granada, 2014, p. 47.

⁴⁹ Domínguez González, Carlos, *La Inglaterra anglosajona: una síntesis histórica (siglos V-XI)*, p. 111.

⁵⁰ *Ibidem*, p. 117.

4.1. Reforma militar

As medidas coas que Alfredo reforzou as defensas do reino non se describen en ningures por si mesmas, pero está claro, con todo, que foi responsable do establecemento dunha serie de *burhs* (figura 5), ou emprazamentos fortificados, por toda Inglaterra ao sur do Támesis. Algúns establecéronse en lugares que xa contaban con fortificacións, como as antigas cidades romanas de Winchester e Exeter. Isto non era novo xa que Mercia contaba cunha tradición defensiva similar, e en Wessex utilizáronse fortalezas antes da sucesión de Alfredo. O que era diferente era que Alfredo instigou un sistema moito máis coordinado. Estacionáronse guarnicións nos *burhs*, procedentes da campaña circundante, e había un circuío de emprazamentos defendidos distribuídos a intervalos regulares por todo Wessex, con puntos vulnerables cubertos ao longo da costa ou nos cruces de ríos. Cabe recalcar que tampouco estableceu *burhs* como emprazamentos puramente defensivos. Moitos dos máis grandes convertéronse en centros da administración real e do comercio, contribuíndo de forma significativa aos ingresos reais.⁵¹

Os comentarios de Asser revelan que o rei estaba estreitamente implicado en todo tipo de proxecto de construción, o máis significativo é que tamén menciona a construción de cidades, pobos e fortificacións. En canto as cidades vemos que algunhas eran de orixe romana, mentres que unha parte eran novas fundacións, realizadas en promontorios con defensas irregulares ou en sitios abertos con defensas rectangulares. En moitos casos, parece que estas novas cidades estaban dotadas dun armazón interno de rúas, deseñado para garantir a facilidade de movemento dentro do burgo con fins defensivos; pero os sistemas de rúas tamén servirían para as necesidades domésticas dos habitantes, e non cabe dúbida de que estas novas cidades concibíronse desde o principio como desenvolvementos urbanos permanentes por dereito propio.⁵²

O exército necesitaba unha profunda transformación xa que o núcleo da hoste real debía estar montado, para poder facer fronte ao inimigo e contraatacar rapidamente ás ameazas. No ano 885, a chegada de Alfredo co seu exército a Rochester foi o factor que fixo aos viquingos levantar o asedio, abandonando aos prisioneiros e gran parte do

⁵¹ Yorke, Barbara, *Alfred the Great (Pocket Giants)*, pp. 25-26.

⁵² Asser, *Alfred the Great: Asser's life of King Alfred and other Contemporary Sources*, pp. 24-25.

material. Outra razón da maior mobilidade das forzas de Wessex nas guerras posteriores reside nunha mellor utilización das levas de campesiños. Aínda que o seu labor se descoñece, a súa principal desvantaxe radicaba na súa pouca disposición a loitar máis aló dos límites da comarca na que foran recrutados. Alfredo impuxo un sistema no que se recrutaba a só a metade dos homes, facendo que estas levas fosen máis útiles, á vez que reducía os casos de deserción.⁵³

Finalmente, creou unha frota de barcos de guerra o dobre de grandes que os viquingos, con ata 60 ou máis remeiros, coa esperanza de derrotalos cando aínda estaban no mar. Estas naves seguían sendo rápidas, eran máis altas e profundas que a maioría dos barcos inimigos, e aínda que fosen auténticos armatostes, eran excelentes para propósitos defensivos.⁵⁴ Con todo, esta reforma foi a menos efectiva de todas. A pericia dos viquingos no mar facía que fose necesaria unha forza inimiga considerablemente maior para derrotalos, e isto non ocorría a miúdo. Non obstante, esta é a orixe da armada permanente que defenderá as costas de Inglaterra e que irá cobrando efectividade co tempo.⁵⁵

A pesar da eficacia destas, as medidas militares de Alfredo chocaban coa mentalidade dos saxóns, xa que para eles só unha campaña ofensiva podía resultar proveitosa. Aínda así, Alfredo conseguiu impoñerse a esta mentalidade tan propia da súa época e convencer aos seus seguidores de facer estes esforzos colectivos polo ben do reino.⁵⁶

4.2. Reformas culturais

A calidade do saber en Inglaterra tamén decaera, ata tal punto que non había moitos homes capaces de entender o latín, e no momento da ascensión de Alfredo non había nin un só ao sur do Támesis. Alfredo parece considerar as invasións viquingas como unha forma de castigo divino pola decadencia, e os seus esforzos por reavivar a relixión e o saber poden verse como un intento pola súa banda de atacar o corazón do problema e

⁵³ Domínguez González, Carlos, *La Inglaterra anglosajona: una síntesis histórica (siglos V-XI)*, p. 113.

⁵⁴ López-Peláez Casellas, Jesús, *Historia breve de las Islas Británicas*, Madrid, Silex, 2006, p. 82.

⁵⁵ Domínguez González, Carlos, *La Inglaterra anglosajona: una síntesis histórica (siglos V-XI)*, p. 114.

⁵⁶ *Ibidem*, pp. 113-114.

asegurar así a paz e a prosperidade no futuro.⁵⁷ O monarca viuse moi influenciado polos modelos carolinxios, e o seu programa de renovación erudita fíxose eco de Carlomagno e os seus sucesores. Igualmente significativos para a arte do seu reinado foron os encontros de propia man coa arte da corte carolinxia e da propia Roma, grazas ás súas dúas viaxes realizados en 853 e no 855/856. O coñecementos dos asuntos e cultura carolinxios tamén se mantivo activo a través de contactos regulares, como a súa correspondencia co arcebispo Fulco de Reims e os numerosos emigrantes, eruditos e artesáns francos que acudiron a súa corte.⁵⁸

Por iso, a primeira preocupación de Alfredo foi recrutar homes cultos para compensar a falta de eruditos en Wessex, segundo Asser para isto dirixiuse cara o reino de Mercia e desde alí asegurouse os servizos de Werferth (bispo de Worcester) e Plegmund (a quen fixo arcebispo de Canterbury en 890) e Athelstan e Werwulf (descritos como capeláns e sacerdotes), non se sabe cando estes homes se uniron ao rei, nin tampouco se o fixeron ao mesmo tempo, pero parece máis probable que chegasen a principios de 880. Asser afirma a continuación que, dado que o desexo de aprender do rei aínda non estaba satisfeito, "enviou mensaxeiros alén do mar, á Galia, en busca de instrutores" e, como resultado, conseguiu os servizos de Grimbaldo e Juan, ambos os descritos como sacerdotes e monxes. O único outro erudito que se sabe que foi recrutado por Alfredo é o propio Asser, e do relato detallado deste sobre as circunstancias nas que se uniu ao rei despréndese que houbo negociacións prolongadas e complicadas.⁵⁹

Os resultados foron eficaces, aínda que os textos producidos estaban en inglés e non en latín. Esta cantidade de traducións á lingua nativa era inusual, aínda que non sen precedentes. Isto débese a que moitos anglosaxóns eran capaces de ler na súa lingua materna, pero non en latín. Por tanto, tiña sentido dispoñer de máis obras clave nunha lingua que todos en Inglaterra puidesen entender.⁶⁰ Entre as obras traducidas, ademais da *Regra pastoral* de Gregorio Magno, temos a *Consolación da filosofía* de Boecio, *Historia eclesiástica do pobo inglés* de Beda e a *Historia contra os pagáns* de Orosio. No caso da

⁵⁷ Asser, *Alfred the Great: Asser's life of King Alfred and other Contemporary Sources*, p. 26.

⁵⁸ Guenther Discenza, Nicole e Szarmach, Paul, *A Companion to Alfred the Great*, pp. 53-54.

⁵⁹ Asser, *Alfred the Great: Asser's life of King Alfred and other Contemporary Sources*, pp. 26-27.

⁶⁰ Yorke, Barbara, *Alfred the Great*, p. 38.

Inglaterra anglosaxoa, e das traducións do inglés antigo, a *Regra pastoral* proporcionaba non só aos bispos, senón a todos aqueles que dalgunha maneira posuían e administraban algún tipo de poder e autoridade, as instrucións necesarias para levar adiante as súas funcións baixo a bendición de Deus. De acordo coa *Consolación da filosofía*, a procura pola sabedoría é a obrigaón de todo aquilo que busca o Señor, sendo tal procura o único e verdadeiro camiño para a humanidade e principalmente para o gobernante. A *Historia eclesiástica do pobo inglés* era un recordatorio para os ingleses da súa herdanza cristiá baixo un só Deus, mentres que a *Historia contra os pagáns* proporcionaba certo consolo aos cristiáns atacados polos pagáns escandinavos do mesmo xeito que sufriron en Roma a mans dos visigodos. Alfredo atopou a súa propia inspiración nos primeiros 50 Salmos, que tamén traduciu nos queixumes doutro rei guerreiro que se enfrenta á adversidade dun inimigo estranxeiro ao que derrota con axuda divina.⁶¹

Outro aspecto importante do programa do rei Alfredo para o renacemento do saber foi a creación dunha escola, ao parecer como parte integrante da casa real, para a educación non só dos seus propios fillos, senón tamén dos fillos dos seus principais homes e doutros de menor nacemento. O obxectivo do exercicio era garantir que aqueles que chegasen a ocupar os cargos de poder mundano e autoridade relixiosa no reino estivesen debidamente cualificados para desempeñar as súas responsabilidades, e a que puidesen dedicarse por si mesmos ao estudo da sabedoría divina. Sen dúbida era un rei que prestaba moita atención ao perfeccionamento do goberno do seu reino e é moi posible que fose consciente dos beneficios que se derivarían dunha nova xeración de funcionarios reais alfabetizados: serían capaces de ler calquera instrución escrita que recibisen, e quizais tamén de escribir as súas propias, mentres que aqueles que tivesen responsabilidades xudiciais poderían remitirse ás leis escritas en busca de orientación sobre cuestións de principio e procedemento.⁶²

De igual maneira que os seus contemporáneos, a Alfredo non se lle ocorreu dubidar sobre a existencia de Dios, de feito era firme defensor de que Deus podía intervir para

⁶¹ Medeiros, Elton, «Alfred o Grande e a linhagem sagrada de Wessex: a construción de um mito de origen na Inglaterra anglo-saxônica», *Mirabilia: Electronic Journal of Antiquity, Middle and Modern Ages*, nº13, 2011, pp. 140-141.

⁶² Asser, *Alfred the Great: Asser's life of King Alfred and other Contemporary Sources*, pp. 35-36.

asegurar a vitoria de quen lle seguía. Asser narra a piedade persoal de Alfredo mediante a súa asistencia regular á igrexa, as súas oracións e a súa procura da intervención dos santos. Alfredo fundou dúas novas casas relixiosas importantes durante o seu reinado: un convento en Shaftesbury, onde a súa filla mediana exerceu de abadesa, e un mosteiro en Athelney en honra ao lugar onde sobrevivira ao seu momento máis escuro. A pesar disto, non foi tan xeneroso coa Igrexa como outros reis anglosaxóns, xa que temos constancia de poucas cartas da súa época onde se rexistran concesións á Igrexa. Ademais, Alfredo parece conservar moitas terras que antes serviran para soste a Igrexa, xa que probablemente a súa prioridade fose o gasto en medidas defensivas. Por exemplo, a abadía de Abingdon lembraba a Alfredo como un “Xudas” porque utilizara as súas terras como propiedade real.⁶³

4.3. Reformas políticas

A promulgación de leis por parte de Alfredo foi un acto central de imitación salomónica, baseado na sabedoría bíblica. O *Domboc* cumpría unha función similar para os titulares de cargos seculares como texto definatorio da “reeducación”. O *Domboc* non está exento de dificultades como ferramenta de aprendizaxe.⁶⁴ Un problema é a súa novidade nun ámbito representado por textos xurídicos moi anteriores. A iso engádese o carácter do *Domboc*, que ás veces se considera “desorganizado” e, en calquera avaliación, problemático. Un terceiro factor é a cuestión da influencia franca, certamente detectable por moitos motivos, cuxas implicacións precisas seguen sendo incertas.⁶⁵

Este código legal está conformado por unha táboa de 120 rúbricas, que proporcionan encabezamentos para as 120 seccións do texto; tras isto atopamos extractos do *Éxodo*, capítulos 20 a 23, que comprenden o *Decálogo* e uns 66 versículos da lei mosaica. A atención desprázase ao tratamento da lei no *Novo Testamento* e á conversión de moitos pobos, incluídos os ingleses. Só nesta etapa identifícase a primeira persoa como a do rei, nunha exposición de principios editoriais. Segue ata a sección XLIII unha serie de pronunciamentos que se poderían caracterizar como "leis misceláneas" de Alfredo,

⁶³ Yorke, Barbara, *Alfred the Great*, pp. 36-37.

⁶⁴ Pratt, David, *The Political Thought of King Alfred the Great*, Cambridge, Cambridge University Press, 2007, p. 217.

⁶⁵ Yorke, Barbara, *Alfred the Great*, p. 49.

atribuídas á súa iniciativa. Conclúen cunha lista de indemnizacións por lesións corporais, da cabeza aos pés. As seccións finais XLVIII a CXX ofrecen unha longa serie de leis atribuídas ao predecesor saxón occidental de Alfredo, Ine (688-726).⁶⁶

O *Domboc* caracterízase pola contradición interna entre certas leis de Alfredo e as atribuídas a Ine. A isto engádeselle o sistema de rúbricas, cuxa presenza nos seis manuscritos suxire a súa orixinalidade. Non só as rúbricas proporcionan a miúdo unha información moi limitada, insuficiente para localizar unha lei escrita apropiada, se non que varias seccións conteñen outros pronunciamentos, non relacionados coa rúbrica. Para a construción deste código de leis a elección da lei foi fundamental xa que se ve que cada cláusula é o resultado do modesto xuízo do propio Alfredo.⁶⁷ O relato termina co establecemento de xuízos entre os ingleses atribuídos a sínodos rexistrados en moitos libros-sínodos, “aquí un xuízo, alí outro”. Só o rei é representado como o que reuniu as sentenzas e ordenou que se rexistrasen por escrito “moitas das que os nosos predecesores mantiveron e que me compraceron”.⁶⁸

O limitado corpus do dereito escrito anterior, a recompilación e a redacción debe supoñerse a miúdo a partir do propio contido do *Domboc*. Moito depende da situación do "apéndice Ine", que se atopa en tres manuscritos a principios da Idade Moderna e que probablemente estivo presente nos seis. Mentres que Ine trata da loita na casa dun rei, *ealdorman*, *gafolgelda* ou *gebur*, e nun mosteiro, Alfredo abórdaa en presenza dun arcebispo, *ealdorman* ou bispo, nunha reunión na que estea presente un *ealdorman*, e na casa dun *monn ceorlisc*. As leis misceláneas de Alfredo e Ine son o suficientemente complementarias como para suxerir que as primeiras eran adicionais ás segundas. Mentres que Ine concéntrase no roubo, o comercio e os asuntos agrícolas, Alfredo céntrase no homicidio, os delitos sexuais e as lesións corporais.⁶⁹

Por tanto, vemos como o texto de Alfredo emerxe como eficaz punto da realeza, intensamente investido da súa axenda e poder. A súa forza baseábase en todas as

⁶⁶ Pratt, David, *The Political Thought of King Alfred the Great*, p. 215.

⁶⁷ *Ibidem*, pp. 218-219.

⁶⁸ Turner, Charles, «The Permanente Influence of Alfred the Great», *The Sewanee Review*, vol.9, nº 4, 1901, pp. 476-477.

⁶⁹ Pratt, David, *The Political Thought of King Alfred the Great*, p. 219.

direccións na propia posición de Alfredo no corazón da súa casa. Como señor omnipresente, o seu papel personificaba os puntos fortes distintivos da realeza saxoa occidental, consolidada baixo esta única dinastía polo seu pai e o seu avó. O seu funcionamento aproveitaba estruturas aínda máis profundas, no sistema de condados saxóns occidentais, cos *ealdormen* baixo autoridade real, e a posición dos *thegns* saxóns occidentais, como axentes reais terratenentes.⁷⁰

5. O legado de Alfredo

5.1. Importancia de Alfredo para a unificación

Ademais do renacemento cultural e como maneira de lexitimar todas estas iniciativas nos ámbitos relixiosos e políticos, facía falta algo máis concreto para sentar as bases destas medidas. Como resultado destes desexos, vemos a construción dun mito das orixes na Inglaterra dos séculos IX e X. Un mito con dobre intención, coa de lexitimar e converter aos anglosaxóns a partir de Alfredo no novo pobo de Israel, cun novo gobernante inspirado por Deus e descendente da propia divindade.⁷¹ Esta construción débese en gran medida a Beda co seu libro *Historia eclesiástica*, onde fala dun "pobo inglés" cun destino divinamente ordenado como novo pobo elixido, a imaxe dos israelitas do Antigo Testamento. Beda non equiparaba de ningún xeito a unificación política coa idea dun único pobo inglés; con todo, así é como se utilizou. Alfredo fixo traducir a *Historia eclesiástica* ao inglés como un dos textos que formaban o núcleo da súa axenda político-dinástica.⁷²

Para poñernos en contexto, era común que os reis de Wessex fosen chamados simplemente "reis dos saxóns occidentais" ou simplemente "reis dos saxóns". Alfredo é o primeiro gobernante de Inglaterra en ser chamado "rei dos anglosaxóns". Ao erixirse en soberano de anglos e saxóns, Alfredo estaba a sentar as bases dun novo reino que buscaba a unidade política, relixiosa, lingüística e cultural. Deste xeito estaba a crear un

⁷⁰ Pratt, David, *The Political Thought of King Alfred the Great*, p. 338.

⁷¹ Medeiros, Elton, «Alfred o Grande e a linhagem sagrada de Wessex: a construción de un mito de orixe na Inglaterra anglo-saxónica», p. 141.

⁷² Insley, Charles, «Southumbria» en Stafford, Pauline, *A Companion to the Early Middle Ages: Britain and Ireland, c.500-c.1100*, Oxford, Wiley-Blackwell, 2009, pp. 325-326.

"pobo inglés", na liña do que xa falaba Beda no século VIII.⁷³ Isto reflíctese nos escritos de Alfredo no uso de palabras como *Angeland* ou *Englaland* ("Inglaterra"), *Angelkynn* (pobo inglés) e *Englisc* (a lingua inglesa). A idea desta unidade na cal Alfredo se inspirou a través da obra de Beda tería unha orixe en fontes anteriores da cristiandade latina: o mito do *populus Israel*. Os anglosaxóns tiñan gran interese no Vello Testamento, no mito da Creación e identificábanse coa descrición da sociedade das tribos de Israel, así como co pasado xermánico ligado ao continente.⁷⁴

O mito do *populus Israel* parece atraente e encaixa co pensamento político e relixioso. Con todo hai outro elemento que reforza esa idea desta construción ideolóxica, de ver á Inglaterra anglosaxónica como o Novo Israel. Este elemento está relacionado coa súa ascendencia e a árbore xenealóxica da Casa de Wessex, non só lexitimando o poder divino dos seus reis senón tamén vinculándoos directamente coa figura bíblica de Noé. Os anglosaxóns sabían que todas as nacións do mundo descendían de Noé e coñecían a historia do Diluvio e a descendencia de Noé ata Adán. A elaboración creada en Inglaterra prodúcese dentro da narración bíblica a partir do final do episodio do Diluvio, cando se fala dos fillos de Noé e da orixe dos patriarcas. Dentro da tradición cristiá, esta pasaxe da Biblia explica o poboamento do mundo, cos fillos de Noé tendo descendencia en cada un dos continentes.⁷⁵

Como a gran maioría dos pobos xermánicos, os anglosaxóns tiñan un gran interese polos seus antepasados, con todo, a Biblia non contiña nada sobre as orixes dos pobos xermánicos. Isto foi aproveitado en época de Alfredo para crear a figura do cuarto fillo de Noé, que nacería no interior do arca durante o Diluvio. Este cuarto fillo de Noé, que na *Crónica Anglosaxoa* aparece como "Scaef", e na *Vida do rei Alfredo* como "Seth", e non aparece en ningunha outra fonte xenealóxica da época.⁷⁶

Deste xeito, a casa real de Wessex reivindicaba a súa ascendencia a través dunha liñaxe á parte das liñaxes bíblicas convencionais. Os reis de Wessex, como outros do

⁷³ Yorke, Barbara, *Alfred the Great (Pocket Giants)*, p. 31.

⁷⁴ Medeiros, Elton, «Alfred o Grande e a linhagem sagrada de Wessex: a construción de um mito de origen na Inglaterra anglo-saxônica», p. 144.

⁷⁵ *Ibidem*, pp. 156-165.

⁷⁶ *Ibidem*, p. 165.

cristianismo, eran descendentes de Noé como o resto da humanidade. Con todo, a diferenza do resto, non descendían de Jafet, Cam ou Sem, senón doutra liñaxe en particular, unha especial.⁷⁷

5.2. Descendentes

Sabemos que Alfredo tivo cinco fillos: Ethelfleda, Eduardo, Ethelgiva, Elfrida e Ethelweard. Non obstante, neste apartado só analizaremos brevemente a figura de Ethelfleda e Eduardo debido á súa importancia política.

Non é moito o que as fontes históricas nos din de Ethelfleda; a biografía que o bispo galés Asser redactou do seu pai dedícalle a penas dúas liñas onde nos di pouco máis que chegado o tempo casou Etlredo, señor dos mercianos. Especúlase que debeu nacer na década de 870, e da súa vida anterior non sabemos nada máis: a partir da ausencia de información nun longo parágrafo no que se detalla a educación recibida polo resto dos seus irmáns, algún autor especulou coa probabilidade de que fose educada pola súa tía, a antiga raíña de Mercia. Para relatar o seu ascenso ao trono debemos poñernos en contexto, Ethelredo fíxose co poder efectivo en Mercia cara 877, aceptou a Alfredo como rei e contentouse co título de Señor dos Mercianos. Desde esa posición subordinada colaborou con el nas campañas contra as escandinavos. Alfredo asegurouse a súa lealdade coa cesión da administración de Londres en 886 e coa voda coa súa filla maior, Ethelfleda, a cal se converteu de modo oficial na gobernante de Mercia á morte do seu marido en 911.⁷⁸

Dentro das campañas destacamos a de Ethelfleda en 917 coa conquista de Derby, talvez aproveitando que estaba parcialmente desguarnecida por mor dos ataques de Eduardo noutra parte da illa, e a anexión de Leicester sen que o exército que a defendía ofrecese resistencia en 918. Esta vitoria sen resistencia é mostra de que a actividade bélica de Ethelfleda estivo notablemente trufada cunha tamén importante actividade diplomática: de feito, a fortificación de Chester é un episodio que serve para probar como xa en vida do seu marido era ela a gobernadora efectiva de Mercia. Con todo, non é moito o que sabemos das súas outras tarefas de goberno. A pesar de que algunhas fontes

⁷⁷ *Ibidem*, p. 168.

⁷⁸ Guzmán González, Trinidad, «Guerreros históricos, héroes épicos y personajes de ficción: el otro legado de Alfredo el Grande», *Cuadernos del CEMYR*, nº 13, 2005, p. 136.

contemporáneas súas falan da raíña de Mercia, parece bastante claro que Mercia nunca volveu ser un territorio autónomo, e que Ethelfleda e o seu marido, gozaron dunha ampla capacidade de manobra e iniciativa autónomas, estando baixo a autoridade de Wessex. En canto á súa vida máis persoal, sabemos que tivo unha filla, Aelfwynn, á que presumiblemente educou xunto ao seu sobriño Athelstan, o fillo maior de Eduardo. Ethelfleda morreu repentinamente en 918.⁷⁹

O testamento de Alfredo deixaba grandes doazóns ao seu fillo varón primoxénito Eduardo, deixando claro que ía ser o principal herdeiro e sucesor á súa morte. Alfredo reforzou aínda máis a posición do seu fillo outorgándolle un mando importante durante as guerras viquingas da década de 890. Pola súa banda, o modesto legado ao segundo fillo de Alfredo, Ethelweard, e a súa falta de perfil público, poden suxerir que se trataba en gran medida dun "reposto", que debía manterse en reserva no caso de que algo lle sucedese a Eduardo.⁸⁰

Alfredo podía dispoñer que os bens reais herdados pasasen a un herdeiro designado, pero só os principais nobres laicos e eclesiásticos, coñecidos colectivamente como os *witan*, podían decidir quen debía ser rei, e os herdeiros de Alfredo non eran os únicos candidatos. Os seus principais rivais eran os fillos do seu irmán maior, Ethelredo. Polo menos un dos seus sobriños, Ethelwuldo, cría que se lle excluía da sucesión, o que suxire o seu intento de ocupar o trono. Ethelwuldo obtivo pouco apoio en Wessex, con todo, supuxo un perigo real para Eduardo xa que os viquingos de Northumbria recoñecérono como rei. Coa axuda dos viquingos, Ethelwuldo reuniu unha frota e en 901 estableceuse en Essex, desde onde realizou incursións en Wiltshire. O seu intento de facerse co trono terminou en 902, cando foi derrotado e morreu nunha batalla con Eduardo en Holme.⁸¹

Durante o seu reinado someteu de novo Mercia, Northumbria e Escocia polo que constituíu o único reino na práctica en Britania. Eduardo tamén expandiu o sistema de condados e cidades cara ás East Midlands, co que o medievo estaba a se configurar de forma moi clara en Inglaterra. O seu fillo Athelstán xa aparece como rei de Albión ou rei

⁷⁹ *Ibidem*, p. 139.

⁸⁰ Yorke, Barbara, *Alfred the Great (Pocket Giants)*, p. 48.

⁸¹ *Ibidem*, pp. 48-49.

de toda Bretaña; foi coroado como rei dos anglosaxóns e os daneses e a pesar dalgunhas invasións desde Irlanda, conseguiu, con cuantiosas perdas, manter o reino.⁸²

6. Alfredo como mito

Nos séculos posteriores á súa morte xurdiron tradicións populares celebrando a Alfredo como “o rei erudito, o amigo dos pobres e o favorito dos santos”; con todo, as obras dos historiadores medievais contiñan tanta ficción como realidade. Nos séculos XIV e XV, as historias que se contaban de Alfredo entraron no territorio da fábula e a lenda, engadindo elementos fantásticos e románticos aos relatos. En ao menos un relato, atribúeselle a Alfredo a fundación da Universidade de Oxford.⁸³

No século XVII, Sir John Spelman, partidario monárquico na Guerra Civil inglesa, deu por primeira vez a Alfredo o título formal de “O Grande”; aínda que a obra de Spelman foi criticada contemporaneamente por considerala propaganda monárquica, o título mantívose, reflectindo a continua popularidade de Alfredo na era monárquica. Para os pensadores da Ilustración, como David Hume, Alfredo foi un verdadeiro rei filósofo, unha luz resplandecente e civilización nunha época bárbara. Hume ve as orixes do dereito consuetudinario, a gran salvagarda da liberdade inglesa, ao establecer no seu código legal a igualdade de *wergilds*⁸⁴ tanto para saxóns como daneses, polo que Alfredo converteuse no pioneiro da igualdade de trato ante a lei, un importante principio no pensamento político inglés do século XVIII.⁸⁵

O chamado “culto alfrediano” alcanzou o seu apoxeo na época vitoriana, cando se celebraban os aniversarios milenarios dos grandes acontecementos da vida do “veno mimado de Inglaterra”, que forxara a súa nación a partir de aquel pequeno cacho de terra en Athelney. Alfredo gozou dun considerable nivel de popularidade durante este período. Nos albores do século XX, os historiadores preocupáronse de descubrir a verdade sobre Alfredo, intentando discernir entre a realidade e a lenda. Isto queda exemplificado na obra

⁸² López-Peláez Casellas, Jesús, *Historia breve de las Islas Británicas*, p. 86.

⁸³ Crawford, Jordan, «“Great” The quest to find the man and the myth of King Alfred», p. 18.

⁸⁴ Precios de sangue que un home pagaba a familia de alguén a quen matara. /Crawford, Jordan, «“Great” The quest to find the man and the myth of King Alfred», p. 18.

⁸⁵ *Ibidem*, pp. 18-19.

Alfred the Great: the truth-Teller; Maker of England; 848-899, publicada en 1919 por Beatrice A. Lees. A visión da autora sobre Alfredo é a dun rei moi traballador que grazas á súa dilixencia, non só repeleu aos invasores viquingos, senón que sentou as bases do Estado, a sociedade e a literatura inglesa. Non moi lonxe da época vitoriana, Lees sigue eloxiando o traballo duro como a máis nobre das virtudes.⁸⁶

Nos anos transcorridos entre a Primeira Guerra Mundial e a Segunda Guerra Mundial parece ser que se escribiu moi pouco sobre Alfredo O Grande, con todo, os eruditos que si que o estudaron entre as décadas de 1920 e 1930 continuaron a tendencia de explorar ata que punto a información dispoñible sobre Alfredo é crible. Non sería ata o período comprendido entre 1950 e 1980 que rexurdiron as investigacións sobre Alfredo o Grande. Nesta etapa destacamos en 1956 a obra *Alfred the Great* de Duckett, este autor informa aos lectores do que se sabía sobre o tema en aquela época, incluíndo o que se tiña constancia que era máis lenda que verdade, sen empregar os detalles para apoiar ningunha axenda en particular. Este enfoque baseado nos feitos reflexa o esforzo continuado da erudición do século XX por chegar á verdade do lendario reinado de Alfredo.⁸⁷

Dentro da historiografía de Alfredo o Grande destaca a obra do ministro británico e célebre personalidade do século XX, Winston Churchill. No primeiro volume da súa *Historia do Pobo Inglés*, realiza un estudio do reinado de Alfredo centrándose exclusivamente na carreira militar, sen dúbida vendo a loita do rei por preservar Inglaterra contra a invasión viquinga a través da ventá dos seus propios esforzos por ver resistir a Gran Bretaña contra o asalto alemán na Segunda Guerra Mundial. Para el as calidades máis importantes de Alfredo eran a súa forte moralidade, a súa comprensión do gran mundo e a súa fe devota, así como a súa vontade de comprometerse activamente como militar para lograr o mellor para o seu pobo.⁸⁸

Non obstante, vemos como cada unha destas análises revela os valores da súa xeración. Cada unha destas interpretacións tamén encerra unha verdade, xa que Inglaterra

⁸⁶ *Ibidem*, pp. 19-20.

⁸⁷ *Ibidem*, p. 22.

⁸⁸ *Ibidem*, pp. 22-23.

non pode definirse nun único momento, Inglaterra ten unha memoria continúa e evolutiva, e Alfredo sentou as bases da súa historia.⁸⁹

Resúltanos bastante curioso que un personaxe cun peso tan importante na historia británica e que posúe unha vida tan narrativamente interesante, practicamente de guión de película, non recibira unha atención moito máis significativa dende a sétima arte, sobre todo cando Hollywood explotou a figura de boa parte do folclore inglés, como Robin Hood ou o rei Arturo.⁹⁰

Para atopar a primeira aparición cinematográfica desta figura temos que trasladarnos á década dos 60, sendo *Alfred the Great* (1969), a primeira e única longametraxe da historia dedicada integramente á figura de Alfredo o Grande. Este filme invítanos a coñecer a figura de Alfredo dende a súa chegada ao trono ata a súa gran vitoria en Edington, nun reinado marcado pola confrontación cos invasores viquingos, nunha película de ritmo pausado pero cargado de gran forza nas súas escenas. Nesta película vemos como a figura de Alfredo o Grande resulta fortemente poliédrica e encóntrase a cabalo entre dous mundos, a relixión e a política, entre o cristianismo e o paganismo, tamén a súa posición resulta ambivalente no terreo sentimental, como cando entrega como refén a súa propia esposa, a pesar do perigo que isto supón.⁹¹

A dureza da realidade política e social da época, coas imaxes en televisión da guerra de Vietnam, as protestas estudiantís ou o asasinato de Luther King, marcou o desenvolvemento da película e condicionou o carácter hostil e frío do rei Alfredo. Non só a figura do monarca estaría chea de brutalidade, senón que os seus principais antagonistas tamén se verán sometidos a un proceso de militarización que converterá as hostes viquingas en todo un exército invasor, cruel e sanguinario, no que algúns académicos

⁸⁹ *Ibidem*, p. 25.

⁹⁰ Robles Delgado, Alberto, «Un rey para el olvido: La figura de Alfredo el Grande a través de la pantalla», p. 393.

⁹¹ García Manso, Angélica e Tovar Paz, Francisco Javier, «Imaginario teatral en filmes de ambientación medieval: motivos paganos en El señor de la guerra (The War Lord, 1965), de Franklin J. Schaffner, y Alfredo el Grande (Alfred the Great, 1969), de Clive Donner», *Educación artística: revista de investigación*, nº13, 2022, pp. 80-87.

viron unha tentativa de “nazificar” aos viquingos. Polo tanto, o balance final non foi bo, nin para a produción que non tivo moi boa acollida, nin para a recadación.⁹²

O seguinte filme que trata sobre a figura de Alfredo por orde cronolóxica sería a serie *Viquingos* (2013). Esta serie non estaría centrado na figura de Alfredo, porén; non debemos caer no simplismo de outorgarlle o papel de antagonista, xa que esas consideracións son máis propias do cine que das series, debido a que o formato de longa duración permite unha maior matización e complexidade dos seus personaxes. A construción de Alfredo en *Viquingos* vai ser confusa xa que pivotará entre dous personaxes: o rei Egbert e o propio rei Alfredo, xa que o primeiro presentará unha serie de atribucións propias do seu neto. Isto débese a que as figuras de Alfredo e Ragnar non son coetáneas, polo tanto empregase a figura de Ebgert como xustificación histórico-cronolóxica, e a pesares de que se dote a esta figura de personalidade propia creárase a partires duns parámetros referenciais da figura de Alfredo. Non sería ata a segunda etapa da serie onde xa atopamos ao propio Alfredo, nunha reconstrución máis apegada á imaxe ofrecida polas crónicas, a pesares das licencias presentes, típicas da necesaria adaptación a un formato audiovisual e comercial. Se ben é certo que a serie recolle logros e eventos do personaxe histórico, dá a sensación de que toda a “grandeza” queda diluída nunha serie de tramas palatinas sen sentido.⁹³

O derradeiro filme no que aparece Alfredo o Grande sería na serie *The Last Kingdom*. Nesta serie Alfredo tampouco tería o rol de protagonista; con todo, esta será a versión audiovisual sobre este rei máis completa, profunda e detallada. Isto débese ao estreito paralelismo existente entre as novelas e a serie de televisión, o que posibilitou a creación dun personaxe de ficción dramático ben construído e que dispuxo do tempo necesario, grazas ao formato serie, para un desenvolvemento acorde co personaxe. Por tanto, Alfredo preséntase como un personaxe moi afastado dos valores heroicos da época vitoriana, que responde máis a unha figura produto das novas visións historicistas e con un enfoque moito máis moderno e acorde ao século XXI.⁹⁴

⁹² Robles Delgado, Alberto, «Un rey para el olvido: La figura de Alfredo el Grande a través de la pantalla», p. 398.

⁹³ *Ibidem*, pp. 399-400.

⁹⁴ *Ibidem*, p. 401.

Para pechar este capítulo, vemos como o éxito de Alfredo no mundo da ficción histórica televisiva non se debe a que este personaxe fose obxecto dunha revaloración nestas décadas, senón que se debe ao novo revivir nórdico que estamos vendo nestes anos, e ao papel colateral que o monarca ocupa nesta historia viquinga.⁹⁵

Conclusión

Podemos constatar ao longo deste traballo que o reinado de Alfredo o Grande marcou un punto crucial na historia da Inglaterra medieval, caracterizado por unha serie de estratexias e reformas que deixaron un legado duradeiro. A súa capacidade para facer fronte ao continxente nórdico mediante as reformas militares e os acordos alcanzados cos líderes viquingos como o realizado con Guthurm, implicou non só a supervivencia do reino de Wessex, senón que tamén supuxo un precedente para a resistencia anglosaxoa.

Como analizamos ao longo do traballo as reformas levadas a cabo durante o goberno de Alfredo o Grande foron de gran importancia para o desenvolvemento dun estado máis forte e organizado. En primeiro lugar as reformas militares coa construción dos *burhs* proporcionaron a seguridade ante os ataques nórdicos, así como favoreceron o desenvolvemento do comercio; cómpre destacar a creación da flota naval que pode considerarse como a orixe da gran forza naval que posuirá Inglaterra no futuro. Coas reformas políticas conseguíuse establecer un sistema legal mediante a compilación dun código legal, o *Domboc*. Finalmente, coas reformas culturais Alfredo fomentou a alfabetización e a educación da sociedade mediante a tradución de textos escritos en latín ao inglés, xa que era a lingua que falaba a maior parte da poboación.

Durante o seu goberno asistimos á creación do mito de Alfredo coa dobre intención de lexitimar e converter aos anglosaxóns a partir da figura de Alfredo no novo pobo de Israel. A creación disto axudou a formar unha identidade nacional forte e unificada en Inglaterra xa que compara ao pobo inglés con Israel, o pobo elixido por Deus. Por tanto, este mito serviu tanto para formar a identidade nacional inglesa como para lexitimar o poder real.

⁹⁵ *Ibidem*, p. 406.

A figura de Alfredo o Grande non foi relevante só no século IX, xa que ao longo do traballo vimos como foi mudando na historiografía. Alcanzou o seu máximo esplendor durante a época vitoriana, xa que se celebraban os grandes acontecementos da vida deste monarca. Non obstante, na actualidade a figura deste rei perdeu practicamente toda a relevancia que mantivo noutras épocas sendo unicamente rescatado polo auxe audiovisual dos viquingos, onde se nos mostra o personaxe de Alfredo o Grande dende unha perspectiva secundaria.

Bibliografía

- Asser, *Alfred the Great: Asser's life of King Alfred and other Contemporary Sources*, ed. de Keynes, Simon e Lapidge, Michael, Suffolk, Penguin Books, 1983.
- Bartholomew, John George, *A Literary & Historical Atlas of Europe*, Dent, Everyman's library, 1914.
- Carless Davis, Ralph Henry, «Alfred and Guthrum's Frontier», *The English Historical Review*, vol.97, nº 385, 1982, pp. 803-810.
- Crawford, Jordan, «“Great” The quest to find the man and the myth of King Alfred», *Tenor of Ours Times*, vol.1, 2012, pp. 14-22.
- Curto Adrados, Iván, «Las invasiones vikingas de Inglaterra: una perspectiva historiográfica», *Ab Inito: Revista digital para estudiantes de Historia*, nº10, 2014, pp. 31-59.
- Domínguez González, Carlos, *La Inglaterra anglosajona: una síntesis histórica (siglos V-XI)*, Madrid, La Ergástula, 2015.
- García Manso, Angélica e Tovar Paz, Francisco Javier, «Imaginarios teatrales en filmes de ambientación medieval: motivos paganos en El señor de la guerra (The War Lord, 1965), de Franklin J. Schaffner, y Alfredo el Grande (Alfred the Great, 1969), de Clive Donner», *Educación artística: revista de investigación*, nº13, 2022, pp. 77-92.
- Guenther Discenza, Nicole e Szarmach, Paul, *A Companion to Alfred the Great*, Leiden/ Boston, Brill, 2014.
- Guzmán González, Trinidad, «Guerreros históricos, héroes épicos y personajes de ficción: el otro legado de Alfredo el Grande», *Cuadernos del CEMYR*, nº 13, 2005, pp. 133-162.
- Insley, Charles, «Collapse, Reconfiguration or Renegotiation? The Strange End of the Mercian Kingdom, 850-924», *Reti Medievali Rivista*, vol.17, nº2, 2016, pp. 231-249.
- Insley, Charles, «Southumbria» en Stafford, Pauline, *A Companion to the Early Middle Ages: Britain and Ireland, c.500-c.1100*, Oxford, Wiley-Blackwell, 2009, pp. 322-335.

- Lavelle, Ryan e Roffey, Simon, *Dannes in Wessex: the Scandinavian impact on Southern England, c. 800-c. 1100*, Oxford, Oxford Books, 2016.
- López-Peláez Casellas, Jesús, *Historia breve de las Islas Británicas*, Madrid, Silex, 2006.
- Martínez-Dueñas Espejo, José Luis, «Los vikingos en la Inglaterra anglosajona» en Espinar Moreno, Manuel e Robles Delgado, Alberto, *Los vikingos en la historia: I*, Granada, Universidad de Granada, 2014.
- Martínez-Dueñas Espejo, José Luis, «Los vikingos en la Inglaterra anglosajona», *Estudios sobre patrimonio, cultura y ciencias medievales*, nº16, 2014, pp.189-200.
- Medeiros, Elton, «Alfred o Grande e a linhagem sagrada de Wessex: a construção de um mito de origen na Inglaterra anglo-saxônica», *Mirabilia: Electronic Journal of Antiquity, Middle and Modern Ages*, nº13, 2011, pp. 135-172.
- Olsson, Stefan, «Peace Agreements Through Rituals in Areas of Confrontation in the Viking Age», *Tenemos- Nordic Journal of Comparative Religion*, vol.53, nº2, 2017, pp. 265-284.
- Pratt, David, *The Political Thought of King Alfred the Great*, Cambridge, Cambridge University Press, 2007.
- Robles Delgado, Alberto, «Un rey para el olvido: La figura de Alfredo el Grande a través de la pantalla», *Medievalismo: revista de la Sociedad Española de Estudios Medievales*, nº31, 2021, pp. 389-408.
- Sawyer, Peter, *From Roman Britain to Norman England*, Londres, Routledge, 1998.
- Stafford, Pauline, *After Alfred: Anglo-Saxon Chronicles and Chroniclers, 900-1150*, Oxford, 2020.
- Swanton, Michael, *The anglo-saxon chronicle*, Nueva York, 1998.
- Turner, Charles, «The Permanente Influence of Alfred the Great», *The Sewanee Review*, vol.9, nº 4, 1901, pp. 473-482.

-Wickham Chris, *Medieval Europe*, New Haven/Londres, Yale University Press, 2016.

-Yorke, Barbara, *Alfred the Great (Pocket Giants)*, Gloucestershire, The History Press, 2015.


-Yorke, Barbara, «The Anglo-Saxon Kingdoms 600-900 and the Beginnings of the Old English State», en Pohl, Walter e Wieser, Veronika, *Der frühmittelalterliche Staat-europäische Perspektiven*, Viena, ÖAW, 2009, pp.73-88.

-Yorke, Barbara, *Kings and Kingdoms of Early Anglo-Saxon England*, Londres, Routledge, 2003.

Anexos

- Figura 1

Nesta imaxe pódese observar a relación que teñen entre si os diversos manuscritos.




Swanton, Michael, *The anglo-saxon chronicle*, p. 29.

- Figura 2



Bartholomew, John George, *A Literary & Historical Atlas of Europe*, Dent, Everyman's library, 1914, p. 23.

- **Figura 3**



Genealogy of the Kings of Wessex

Asser, *Alfred the Great: Asser's life of King Alfred and other Contemporary Sources*, p. 62.


- Figura 4



Asser, *Alfred the Great: Asser's life of King Alfred and other Contemporary Sources*, p. 59.

- **Figura 5**

Neste mapa podemos observar a disposición do *burh* de Crickalde.



Asser, *Alfred the Great: Asser's life of King Alfred and other Contemporary Sources*, p. 59.